

A Coruña, 5 de novembro de 2018

Estimado/a Director/a:

Como ben sabes, desde a Consellería de Educación, a través da Rede de Formación, están a desenvolverse actividades dirixidas ás familias do alumnado con diversas temáticas e formatos. Entre elas vai levarse a cabo o curso "**Atención a urxencias sanitarias para familias**" con dous obxectivos básicos:

- Coñecer e dominar as técnicas de primeiros auxilios e atención a urxencias sanitarias definidas no protocolo da Consellería.
- Ser quen de actuar de xeito eficiente e seguro en caso de incidencias urxentes que afecten á saúde da Comunidade Educativa.

Para iso, e coa colaboración do 061, trataráanse os seguintes contidos.

- Primeiros auxilios e atención a urxencias sanitarias no ámbito educativo: protocolos de actuación.
- Rexistro, xestión e notificación de urxencias sanitarias no ámbito educativo.

As datas concretas serán, 26-27-28 de novembro, en tres sesións de tres horas cada unha (de 17:30 a 20:30). O lugar de celebración será nas instalacións do CFR de A Coruña

A actividade é para nais e pais, non vai dirixida ao profesorado, e non temos outro modo de contactar cós mesmos máis que a través de vós.

Agradeceríache que fixeras ese contacto con eles para que, as persoas que estean interesadas, envíen un correo no que indiquen o seu nome e apelidos, e datos de contacto (teléfono, correo electrónico) así como o nome do centro a: cfr.coruna.linguisticosocial2@edu.xunta.es, antes do vindeiro 19 de novembro. A inscrición no curso será por orde de chegada ata cubrir o número de prazas (30)

Moitas grazas pola túa colaboración.

Un cordial saúdo.



Asdo.: Emilio J. Veiga Río

Director